

# Resumo de contidos:

## Ícaras: voar sen medo a caer

### Índice

Apartado 1: Análise dunha obra teatral.....	2
Apartado 2. Os bloques e áreas lingüísticas.....	4
Apartado 3: As propiedades do texto.....	5
Apartado 4: Os complementos da oración.....	7

# 1. Análise dunha obra teatral

## 1. 1. Os subxéneros teatrais

### Comedia

**Definición:**

Obra de teatro de carácter cómico pensada para facer rir e que ten un desenlace feliz.

**Exemplo:**

O teatro de monicreques, feito con figuriñas ou bonecos, normalmente representa comedias.

### Traxedia

**Definición:**

Obra de teatro de carácter serio que ten un desenlace fatal. Os personaxes pertencen ás clases altas da sociedade.

**Exemplo:**

O actor representa o papel de príncipe de Dinamarca na traxedia de *Hamlet*.

### Drama

**Definición:**

Obra de teatro de carácter serio na que os personaxes son persoas normais e correntes e as situacións son realistas.

**Exemplo:**

Nese drama aos personaxes pasábanlles desgrazas que nos poderían pasar a calquera de nós.

### Traxicomedia

**Definición:**

Nunha traxicomedia aparecen situacións dramáticas pero con notas de humor polo medio.

**Exemplo:**

A obra era moi triste, pero os personaxes dicían frases que nos facían rir.

## Teatro didáctico

### Definición:

O teatro didáctico serve para transmitir ensinanzas ou coñecementos ao público.

### Exemplo:

Avilés de Taramancos escribiu unha obra de teatro na que explica a historia da lingua galega.

## 1. 2. A perspectiva de xénero no teatro

### Roles de xénero

#### Definición:

Conxuntos de comportamentos, actitudes e expectativas que unha sociedade atribúe a homes e mulleres, marcando o que se considera apropiado para cada un en función do seu sexo.

#### Exemplo:

Pensar que as mulleres teñen que coidar da casa e os homes teñen que traballar fóra é un rol de xénero tradicional que limita a liberdade das persoas e non se corresponde coa realidade actual.

### Micromachismos

#### Definición:

Son pequenos xestos, frases, comentarios ou comportamentos que discriminan ás mulleres ou reproducen ideas machistas, pero que ás veces pasan desapercibidos porque están moi normalizados na sociedade.

#### Exemplo:

Un rapaz di nun grupo: “Déixame a min o móbil, que as rapazas sempre sodes máis torpes coa tecnoloxía.”

## 2. Os bloques e áreas lingüísticas

### Trazos dialectais do galego

#### Gheada

Pronunciación aspirada do g (/g/) inicial ou intervocálica, soando como unha gh suave.

Exemplos: gato → ghato, auga → augha.

É un trazo característico do bloque occidental e parte do central.

#### Seseo

##### Seseo explosivo (ou inicial)

Definición: Prodúcese cando o son /θ/ (z, c- e c-i) se pronuncia como /s/ ao inicio dunha sílaba.

Exemplos:

cero → “sero”

cena → “sena”

zapato → “sapato”

É o tipo de seseo máis común na zona da costa do bloque occidental.

##### Seseo implosivo (ou final)

Definición: Prodúcese cando o son /θ/ se pronuncia como /s/ ao final dunha sílaba, antes dunha consoante ou ao final de palabra.

Exemplos:

dez casas → “des casas”

luz → “lus”

Este tipo de seseo aparece no bloque occidental e central.

#### Teísmo/ cheísmo

##### Teísmo

Usar o pronome “te” cando en galego estándar correspondería “che”.

Exemplo: “Díxenche que viñeras” en vez de “Dixente que viñeras”.

É un trazo dialectal común nalgunhas zonas do bloque oriental galego.

##### Cheísmo

Usar “che” cando correspondería “te”.

Exemplo: “Non che vexo” en vez de “Non te vexo”.

Moita presenza na área Fisterrá do bloque occidental.

## 3. As propiedades do texto

Á hora de redactar os vosos textos debedes prestar atención. Hai unha serie de normas ás que atender. Estas normas chámanse propiedades textuais.

### 3. 1. As principais propiedades textuais

#### Adecuación

O texto debe adaptarse á situación comunicativa.

É dicir, debe estar feito para que o entendan as persoas ás que vai dirixido.

Tamén ten que adaptarse ás circunstancias en que se emite.

Por exemplo, podemos saudar a unha persoa coñecida dicíndolle: *Ola! Que contas?*

Pero ese saúdo non é axeitado para unha persoa descoñecida.

#### Coherencia

O texto debe presentar a información de maneira clara e ordenada.

O texto debe organizarse lxicamente para que o texto se poida entender.

Cada parte debe ter relación entre si e co tema principal.

Non debe haber contradicións.

Exemplo: *Era unha persoa moi rica. É dicir, non tiña un can.*

No exemplo hai unha contradición.

A primeira oración dinos que a persoa é moi rica.

A segunda dinos que non ten un can (non ten cartos).

Non hai, xa que logo, coherencia.

#### Cohesión

Os distintos elementos do texto deben conectarse. É dicir, as partes do texto deben conectarse entre elas.

Para iso, podemos utilizar varios mecanismos:

- Uso de sinónimos e hiperónimos
- Pronomes, demostrativos, posesivos...
- Repetición de palabras
- Conectores textuais

Exemplo 1: *Sabela leu varias páxinas do libro. Ela é moi boa lectora.*

No exemplo o pronome *ela* fai referencia a *Sabela*.

O pronome *ela* é un elemento de cohesión.

Exemplo 2: *A vaca é un animal vertebrado.*

*Animal* é un hiperónimo de *vaca*.

É dicir, a palabra *animal* ten un significado máis xeral que a palabra *vaca*.

O uso de hiperónimos tamén é outro elemento de cohesión.

### 3. 2. Os conectores textuais

Son elementos de unión que nos axudan a relacionar as ideas dun texto.

A finalidade é que o texto teña un sentido completo.

#### Conectores temporais

Serven para ordenar as accións no tempo.

Exemplos: *antes, despois, mentres, a continuación, finalmente...*

#### Conectores espaciais

Serven para situar os elementos no espazo.

Exemplos: *ao lado, á beira, á dereita, no interior, arriba...*

#### Conectores de adición

Serven para engadir información.

Exemplos: *e tamén, ademais, incluso, á parte, así mesmo...*

#### Conectores de causa-efecto

Serven para explicar por que algo sucede (causa) e que pasa por iso (consecuencia).

Exemplo: *porque, pois, por conseguinte, daquela, entón...*

#### Conectores de finalidade

Indican o propósito ou obxectivo dunha acción.

Exemplos: *para que, a fin de que, co obxecto de, coa finalidade de...*

#### Conectores de conclusión

Serven para resumir un texto ou concluílo.

Exemplos: *finalmente, en conclusión, en consecuencia, en fin, a fin de contas...*

### 3. 3. Os rexistros lingüísticos

As persoas podemos escoller unha variante de lingua ou outra.

Iso vai depender do contexto. Dependendo da situación comunicativa usaremos unha ou outra. Isto relaciónase coa propiedade textual de adecuación.

Así, podemos falar de dous rexistros lingüísticos:

#### Rexistro formal

- O discurso ten unha orde e unha estrutura.
- A pronuncia é coidada.
- Evita as repeticións e os vulgarismos.
- O léxico é rico e variado.
- Emprega oracións subordinadas e tecnicismos.

Exemplo: *Podería indicarme vostede onde é a Rúa da Rosa?*

#### Rexistro informal

- A pronuncia é pouco coidada.
- O discurso é improvisado e pouco estruturado.
- Abusa das repeticións, dos retrousos e das frases feitas.
- As oracións adoitan ser curtas.
- O léxico é pouco variado.

Exemplo: *Oes... Onde é a rúa esa... esa que se chama... a Rúa da Rosa?*

## 4. Os complementos da oración

Neste apartado veremos algúns complementos da oración.

De momento só veremos a oración simple. Que é unha oración simple? Simple quere dicir sinxela, con poucas cousas. A oración simple só ten un verbo conxugado.

É dicir, que ten o verbo en forma persoal. Exemplo: *Sabela le un libro*. Nesta oración só hai un verbo conxugado. O verbo "ler" aparece conxugado: Sabela "le". Imos explicar tres complementos da oración:

## 4. 1. O atributo

O atributo é un complemento que expresa calidade ou estado. Iso significa que o atributo nos di como é o suxeito. Tamén nos pode cicir como está. Únese ao suxeito a través dun verbo copulativo. Os verbos copulativos son *ser*, *estar* e *parecer*. O atributo ademais concorda en xénero e número co suxeito.

Exemplo: Elas son *marabillosas*.

## 4. 2. O complemento predicativo

O complemento predicativo parécese ao atributo. A diferenza está en que aparece con verbos que non son copulativos. Os verbos que non son copulativos infórmanos das accións que fai o suxeito. Tamén concorda en xénero e número co suxeito.

Exemplo: *Eles chegaron cansos*.

O complemento predicativo é *cansos*. *Cansos* é predicativo porque nos di como están eles. O complemento predicativo informa sobre o verbo e o suxeito.

## 4. 3. O complemento axente

O complemento axente é un complemento da oración pasiva.

Nas oracións pasivas o suxeito recibe a acción do verbo en vez de realizala.

Esta función marca quen realiza a acción na oración.

Exemplo: *A festa foi organizada pola madriña*.

O complemento axente é *pola madriña*.

